

INFORME DO CONCELLO¹

"De cómo o alcalde Secada ben-dice do Señor Abade".

Síntome como o avó que machuca aos netos contando as súas batalliñas de cando novo. "Historias de Ramón", dirá alguén. Desta intentarei sorprendervos. Eu mesmo botei as mans á cabeza cando souben a historieta de hoxe. É de sobra coñecido o das denuncias e multas a cregos nos derradeiros tempos do franquismo. Hóboas a chorro. A min [asaltáronme a casa reitoral](#), pero xamais pensei que os moradores do mesmo convento polo Nacente me tiñan tan descualificado. Vivindo baixo o mesmo teito, os suspiros saían de entrañas ben distintas.

Hai case dous anos caín da burra na que ía tranquilamente montado e aínda non din sandado. Manolo e Carmen do CEMIT tiveron a ben mandarme os documentos que dan fe do aprecio que me tiñan Varela² e [Secada](#)³. ([Informe Confidencial](#)). Foi para min como unha revelación. Como quen esperta dun soño imposible. Viñéronme á cabeza as liortas entre Don Camilo e Pepone. Daquela eu ben me decataba que a desconfianza era mutua, pero xamais pensei que ían ser capaces de firmar tamaños informes sobre min. Hoxe reflexiono sobre o asunto. Acompañádeme, se vos apetece.

Nun primeiro momento, polos papeis que atopou Manolo no Arquivo do Reino de Galicia (Coruña), pensamos que era unha denuncia que arrincaba do Concello; pero despois, por novas investigacións de [Vitucho](#) no mesmo Arquivo, apareceu unha [Carta do Gobernador](#) na que pide informes ao Concello

¹ Algunhas frases permiten ligazóns con máis información sobre personaxes, documentos ou situacións que se describen no texto. Todos os documentos citados [poden lerse en conxunto aquí](#).

² **Ramón Varela**, secretario municipal nos últimos anos do Franquismo

³ **Secada** derradeiro alcalde do franquismo (1971-1979). [Máis información](#).

sobre o crego de Sansa; e todo a raíz da distribución de “pornografía” electoral sobre as Irmandades de Labregos.

Ramón Varela e Santiago Secada. En verdade non tratei a fondo con ningún deles. Penso que os dous tiñan as mesmas ideas e cada un defendía o seu presebe. Odiaban a morte a [Amando](#)⁴ e este a eles. Por iso, se percibían ou imaxinaban que te acercabas á lareira de Amando, xa te consideraban inimigo. Secada é fantoche, faroleiro. Fala e presume para esconder. Varela era cazurro, furbo (como din os italianos). Dábache a patada no nocello ao tempo que sorría e se facía o despistado. A súa mala idea quedou retratada cando pasou pola Farmacia e lle di a Carmiña: *“Y viste, Carmiña, como te han puesto los de Pumariño?”* Mostrou mala idea. (Xa comentei isto [noutro relato](#)). Eles danme autorización para cualificalos, xa que tamén me cualificaron a min.

Con Varela falei soamente cando tiña que arranxar algún asunto que dependía del. Lembro, p. e. a solicitude para “desafectar” parte do adro (Campo da Feira) de Santa Mariña no que se ía ampliar o cemiterio. Pensei que os papeis podrecían enriba da súa mesa, pois non daba tramitado o asunto. O mesmo lle pasaba a **Isolina do Rupiallo** (cuñada de meu cuñado Luciano) que ten vido xunta miña buscando recomendacións para que Varela rematara os papeis das partillas. Estaba desesperada a pobre. Non foi o único caso.

Outros dous asuntos nos que tiven que acudir a eles por mor de dous casoiros: un que celebrei nunha habitación do hospital de Caranza (figurando que fora en San Paio), e outro nunha cociña en Silvalonga. (Parece que me copiou o Papa Francisco celebrando un casoiro nun avión). Non é que Varela me

⁴ [Amando Romero Castrillón](#), empresario gandeiro de San Sadurniño.

mandara facer iso. Non. Refírome que me facilitaron as cousas para proceder nestes casos especiais, posto que logo había que inscribilos no Xulgado dicindo que se celebraran nos templos santos, e non fora así. É dicir: non me complicaron a vida máis do que xa estaba neses casos.

ANTECEDENTES.

Nun primeiro momento Secada quixo congraciarse comigo. (Alcalde desde abril 71). Viña á Misa os sábados, coincidía de vérmonos por varios motivos ... e ata que foi alcalde non facía máis que encirrarme contra [Ángel Gavín](#)⁵ aproveitando as prazas e as silveiras.

Lembro que o segundo ano de estar eu en Sansa provoquee unha consulta na igrexa (cos que estaban na Misa) sobre si debía saír a procesión no día da festa dar a volta á praza. Era un espectáculo moi orixinal: o persoal tomando o vermú nos chiringuitos e nós cos santos facendo desfile de modelos.

Santiago Secada (xa alcalde) e máis o Médico, **Ramón Méndez**, foron os defensores para que non saíra a procesión; os demais deixáronse ir. Por suposto que este cura tamén estaba de acordo aínda que non quería ser o abandeirado da idea. E non porque me negara a que os Santos saíran recibir o parabén dos devotos. Líbreme Deus! Ou a tomar o sol unha vez ao ano; senón porque aquela procesión non era coma esas que dan a volta as igrexas e teñen o seu aquel relixioso. Aquí había que dar a reviravolta na mesma praza. Non se trataba de acompañar aos Santos, senón de ver o espectáculo. Efectivamente, o día da festa, rematada a Misa, os foguetes empezaron a estalar, pero as campás non repenicaban e en vez de Santos aparezo eu na praza franqueado

⁵ [Ángel Gavín](#) alcalde de San Sadurniño entre 1964-1971.

pola Monxa **Luisa María** e os rapaces do coro. Notábase estrañeza nos fregués e nos invitados. Falta algo. (Aínda hoxe sego a cavilar por qué mostrando tan pouco aprecio á procesión tiñan tanto interese en que se celebrara. Misterios da vida!) Achegámonos a un dos chiringuitos e alí estaba D. **Santiago** latricando con **Fernando dos Queixos**. Ao verme dime: *“Y qué, Sr. Cura, parece que hay huelga de Santos!”*, ao tempo como que parecía que me chuscaba o ollo dereito. Eu sorrín e asentille de seguida: *“Fan folga os santos para que traballen os pecadores”*. A cousa seguiu así entre bromas; pero eu ao mesmo que tomaba o vermú pensaba: *“Dáme que este condenado é dos que tiran a pedra e esconden a man”*.

Aquel ano, xa se ve, non saíu a procesión. Algo inimaxinable; pero ao seguinte tiveron que machucar os cadrís os levadores para sacar a padroa pola porta e nós volver á pasarela, forzado polas queixas da xente e a esixencia dos encargados da festa.(!!)

Secada foi descubrindo as miñas non coincidencias coas súas. O cura anterior ía moitas veces xogar a partida despois de xantar ao Bar de **Senén** (no Cine), onde se xuntaba "la creme de la creme" de Sansa. Eu non fun nunca. Foron aparecendo logo outras actividades organizadas desde o Tele club e máis tarde asociación de veciños ...Eu actuaba por libre. Non buscaba depender deles. Deixou de vir á Misa e tampouco participaba nas reunións que se facían na sala parroquial, das que falo [noutro relato](#). Seguro que a prédica e parte da Misa en galego non lle daba devoción.

Lembro tamén unha tumultuosa reunión en Santa Mariña cando andabamos co tema do teléfono e outra con el e Varela no

Concello coa Directiva do Tele Club de Sansa [das que algo contei](#) noutras historias de FÁLAME.

OS NAMOROS CON AMANDO ROMERO.

Di o Informe de Varela e Secada que *“Quiere nombrar presidente a Amando Romero Castrillón”*. Aseguran que *“Es el verdadero autor de la campaña”*. *“El Sr. Romero guarda gran amistad con dicho párroco y gran enemistad con el Alcalde”*, afirma pola súa parte o Informe do Tenente Coronel. O misto que acendeu o lume foi a distribución do [papeliño relativo ás eleccións](#) da Irmandade. Ese foi o misto, pero a leña estaba preparada e habíaa a pilas. Aproveitaron esa ocasión; as ganas xa estaban no estómago. O da Irmandade era o que máis lles doía porque afectaba ao mando único do xeneralísimo **Sr. Secada**. (Para algún novo que me estea a ler teño que aclarar que Secada era: Alcalde, Xefe Local do Movemento, Veterinario, Presidente da Irmandade ...). Amando poñíaos a cen. Ademais sempre atacaba de fronte. Co seu potente soprido tremían as cadeiras do Concello. Desde a Presidencia de APAS tamén os mareaba. A mesma prensa fala da movida en Sansa no ano 1975 no artigo [“Mar de fondo en San Saturnino”](#).

Eu daquela levábame ben con Amando (como con todos). Por aquel tempo intentou crear unha cooperativa de venda de leite na que ían participar os de Castro (Raña), os dos Feás, Bertuco da Feira ... Invitoume para que fixera de secretario e aceptei. Celina sería a administradora. Todo quedou en nada. A única actividade miña foi a de firmar os libros do que ía ser e non foi. El tamén formou parte da Comisión que se entrevistou co Bispo en Mondoñedo cando o meu nomeamento para Viveiro. Despois

funme distanciando polas liortas permanentes que se traían entre Granxa Romero e a Cooperativa de Prospes; e definitivamente renegados cando o das Enchousas ...

ESCRITO AOS LABREGOS.

Sindicato SILGA. [Redactei un escrito](#) para que o firmaran e repartiran nas súas Parroquias os cregos de Narahío e Lamas. O motivo eran as inmediatas “eleccións” na Irmandade de Labregos. No [Informe do alcalde](#) dise que o crego de Lamas non repartiu os papeis. Efectivamente foi así. **Marcelino** era un santo varón, (xamais lle agradecín debidamente os servizos que me ten prestado, sobre todo nas suplencias cando eu andaba atarefado coa [CANTARELIÑA](#) ou en Venezuela, Suiza, París cos [Saraibas](#) ...), pero non quería historias. Díciache que si ao que ti propoñas; despois ... algo pasota. Por outra banda, neste caso sentíase acurrulado polos de “a cova de ladróns” xa que todos os días ían xogar o vaso a Casa Hermitas onde el vivía. Máis dunha vez tenme contado cousas divertidas, pois na “comedilla” de mostrador case sempre saía remexido cos dados do bote Amando e tamén, ás veces, o crego de Sansa, adobiado -segundo me dicía- co sorriso malicioso de Varela. [D. José](#), o crego de Narahío, efectivamente puxo o “panfleto” nunha mesa que ten na igrexa con revistas e avisou do tema.

MASAS COMÚNS.

Ao ir andando os traballos da concentración parcelaria en santa Mariña a xente dábase de conta da cantidade de fincas que quedaban como masas comúns, que ía mangonear o Concello. Tivemos unha xuntanza no tele club.

Invitei para informarnos no tema a **Leopoldo López**, avogado de comisións labregas, bo amigo meu, pois tivera bastante contacto

con el cando era relixioso pasionista en Melide. Explicou polo miúdo a lei e aclarou que esas masas comúns pasarían a ser propiedade do concello. A xente pateaba. *"Así que o que é noso vai pasar para que o merenden eles. Iso non pode ser."* O desacougo era unánime. Pero, para colmo, co letrado viñera Gino (**Domingo Martínez Freire**), un crego nado na zona de Carnota e que agora traballaba nunha autoescola. A exposición de Leopoldo fora pausada, serena, como corresponde a un home de leis; pero Gino acendeu o lume dando un mitin contra os rexedores dos concellos: ladróns, cova de caciques ... O auditorio, pacífico de seu, ardía de rabia. A leña estaba seca e preparada e Gino de seguida incendiou todo. Pouco faltou para que saíramos con paos e fouces contra os ladróns.

Como resultado [preparei un escrito](#) para que se firmara polos veciños e darlle curso. Creo que non se fixo. Foi como unha "interrupción voluntaria del embarazo". Non quixen apertar aos veciños con firmas comprometidas. Pero de seguro que os comentarios tiveron que chegar á "cova dos caciques". (Ao ler agora o escrito descubro que hai unha petición de nova organización política máis aló do das masas comúns).

ELECCIÓNS NA IRMANDADE.

Este foi outro prato forte. A xente tiña ganas de gobernar a Irmandade. Cousa deles si, pero na práctica non pintaban nada. Secada, sendo veterinario, era o Presidente. Algo sen sentido. O mundo ao revés. Chega o tempo das eleccións. De verdade que había ganas -e moitas- de coller o mando na Irmandade, pero non sabíamos como meterlle o dente. Falabamos por detrás das silveiras. Por fin decidimos convocármonos na casa de Marina (A Feira). A escusa era que íamos comer unha merendola xuntos.

Por iso a xuntanza foi no comedor do piso. Non queríamos descubrir o menú. Éramos de 20 a 30 comensais. Pepito serviunos café con leite. Entramos en materia. Amando levaba a voz cantante, apoiando o eco Evaristo de Varela. Todos de acordo en que había que asaltar a Irmandade. Pero ... como? Non sabíamos por onde empezar xa que descoñecíamos o máis fundamental: cómo estaban as listas ou quén era produtor de que... Bebido o café (e creo que algunhas pastas) e despois de darlle mil voltas, acordamos que eu secretamente me puxera en contacto con Martín (secretario da Irmandade); que o subornara para que me facilitase unha copia das listaxes. Eu, un pouco forzado, comprometinme co compromiso. E acordamos -xa que nos trataran tan ben- unha nova xuntanza no mesmo comedor. Confésome con Martín. O pecado é gordo, capital. Difícil a confesión e arriscada a misericordia. Nun tira e afrouxa acordamos que desde a fiestra da oficina me tiraría aos claustros o corpo do delito metido en bolsa de plástico –para que non se mollara se chovía-. Eu de noite rezaba sentíndome pecador e polas mañás, dominado pola tentación, ía ver se aparecera o corpo. Pasaron varios días. Nada. Todo igual. Falo de novo co confesor. Dime que aínda non acabara de facer as copias. (Lembrede que estamos nos tempos das máquinas de escribir e do papel de calco. Os dixitais non entenden nada disto). Acordamos que buscaría a maneira de dar-me as copias na man, sen necesidade de tirar o corpo polo chan.

Coas copias, ou con parte delas, chegou o día da acordada xuntanza. Alá imos para unha nova merenda. Recuncamos case os mesmos. Por medio das listas fomos vendo quen se podía presentar por cada sector. Estabamos embelecados nisto cando, pasada media hora, chega Amando. Entrou tusindo,

suspendeu a nosa emoción, colleu a palabra, e, algo iluminado por un compañeiro que traía na cachola, asegura con seguridade: *"Parade todo. Non hai nada que facer. Veño da Coruña e sei ben certo que todo está amañado. Podemos irnos. Non hai nada que facer"*. Como non paraba de esbardallar, eu tratei de pararlle os pes -coincidía que se colocara ao meu carón-; púxenlle o fincón e mirei que entrara en razón. Imposible facerlle calar! As formigas nas neuronas fan as do demo! O furacán -Amando sempre fala con voz potente- produciu un pequeno rebumbio. Nisto levántome, póñolle a man no ombreiro, e dígolle: *"Diso nada, Amando. Xa que chegamos aquí, temos que decidir entre todos se seguir ou non"*. A discusión seguiu acalorada. Amando foise. Nós erre que erre. Bebeuse o café, pero pola cabeza caeu un xerro de auga fría que conxelou os miolos.

Celebráronse as eleccións. Todo resultou como se pensaba. Non soubemos ou non puidemos participar nelas como queríamos, propoñendo candidatos de confianza. Despois das eleccións [preparamos o escrito de anulación](#) das mesmas. Na redacción creo que nos axudou algún avogado. Non lembro que se fixo co escrito. Nel pídese, despois da exposición de feitos, que se repitan. Seguramente que non se firmou tal escrito. Non ía co meu carácter forzar á xente. Prevía malas consecuencias, como logo pasou con Amando e compañeiros reunidos na Irmandade para preparar a denuncia contra o veterinario por abandono dos centros de inseminación que foi [recollida na prensa da época](#).

LÉXICO NO INFORME.

Palabras e expresións que aparecen no Informe. Recoñezo que nunca tiven unha conversación longa nin con Secada nin con Varela; polo tanto descoñezo o seu léxico ... pero penso que hai palabras no Informe que teñen por pai a Varela. Ten que ser el o redactor:

Adláteres - catequizar a la juventud ... de un modo nefasto -
derecho de las personas a su autorrealización - revolución
revisionista - disertaciones - exterminio de todo lo presente -
perspectivas - estrategia y táctica -coexistencia pacífica -
yugularlas - intromisión - fundamentos de un nuevo orden
político. Ninguén dos que estaban no Concello era capaz de usar
estas palabras. Soamente Varela.

ANÁLISE DO INFORME. Data 25 de abril do 75. Frases a
estudiar:

“proselitismo a favor de una tendencia política” . Non aclara cal
era a miña tendencia política. Non podían facelo, xa que xamais
pertencín a ningún partido. “Tendencia” claro que si.

“divulga panfletos” . Poida que si, pero non lembro ningún
escrito, pois Pumariño ... Seguro que lle chamaban panfletos
aos debuxos de Castelao cos que tiña “adornada” a la sala de
reunións.

“Practica violencia verbal” . As miñas intervencións verbais eran
exclusivamente as da igrexa, pois non lembro que me dedicara a
dar mitins ou conferencias. Incluso cando viñeron os de Fuxan ou
Airiños actuar aos claustros non fixen as presentacións. E nas
prédicas na igrexa ... ao mellor confundían o que lía no evanxeo

pensando que eran ideas miñas. Todo pode ser. Menos mal que a miña violencia cualificárona de “verbal”, non física ...

“Menosprecio del Régimen”. Puidera ser. Non o nego. A culpa non era miña. Eles mesmos dábanme a razón para ese non aprecio.

“Organiza conferencias donde se exponen los más extraños principios religiosos y morales”. Aquí habería que matizar. Está claro que a súa relixión e moral en moitos puntos non cadraban coa miña: eles envoltos na néboa do nacional catolicismo e do Franco baixo palio e eu voando coa forza da utopía dunha nova Igrexa cimentada no Con. Vat. II.

“En teleclubs originó conferencias aparentemente de propagación del galleguismo, pero de un fondo nefasto”. Este é un invento máis. As primeiras conferencias de certo calado que íamos organizar na [Semana Cultural](#) (para fin de ano) ás que se refire o escrito de Fraga; antes non se pretendeu nada a non ser unha charla da Dra. **M^a José Aldecoa** sobre o parto sen dor celebrada no salón de Germán. Por suposto que foi en castelán e sen ningún fondo nefasto. (Ao mellor entenderon o do “parto” como algo político).

“Alusiones a una revolución revisionista ... un matiz de exterminio de todo lo presente”. Que si, que si; é verdade. Pois non faltaba máis. Pero volvo a dicir que son acusacións xenéricas.

“No establece programa político propio, sin embargo su estrategia y táctica son de características especiales ... como dictado por una organización política de la clandestinidad, por lo que sus acciones presentes sería de mucha conveniencia yugularlas ahora”. O parágrafo se las trae. Pobre de min!

Estratexia e táctica! Organización política da clandestinidade!
Que categoría me daban con iso de estratexia e táctica! Está copiado ao pé da letra do que sempre lles atribuían aos opositores do Réxime.

“Visitó los domicilios .. (concentraci..) haciéndoles ver que había intercedido para que no les perjudicaran”. Hai que ter mala idea para facer esta interpretación do [servicio que lles prestei](#) a moitos veciños de Santa Mariña. Non ten perdón. Confeso ante Deus, coñecedor das miñas intencións, que eu ía coa alma limpa; sen outra motivación que a de axudar nunha tarefa que para moitos era complicada. Sabía da transcendencia de [facer ben as declaracións das fincas](#) porque na miña aldea de Remourelle (Ribadeo) xa se fixera a concentración parcelaria. E vivira en carne propia os problemas derivados dunha mala ou incompleta declaración das fincas. Pero non ía con segundas nin con terceiras intencións. Doe, aínda hoxe, constatar isto, porque un non se imaxina tanta maldade.

“Divulgó que le trasladaban de parroquia para crear un estado de ánimo especial Reunir dinero para un automovil”. Aí vai outra! Incrible! Así que todo [o rebumbio do meu traslado](#) a Viveiro foi unha trama miña para que me regalaran un coche. Haberase visto! Isto basta para axuizar todo o que din no Informe. Por certo, con toda a revolución que se fixo ante o meu traslado a Viveiro, eles non apareceron por ningures. Era normal. Lendo o Informe estarían encantados de que eu desaparecera canto antes de Sansa. E a xente ben se decatou de que os do Concello durmían a sesta mentres eles remexían Roma con Santiago.

“Persigue por todos los medios la dominación ... y busca los fundamentos de un nuevo orden político” . Pobre de min! Que sabería eu de dominación e dun novo orde político! É para rir.

“Por lo que sus acciones presentes será de mucha conveniencia yugularlas ahora” . Isto da medo. A palabra “yugular” trae consigo a navalla. Esa é a recomendación que lle dan ao Gobernador. Claro que falan de xugular accións. Niso foron listos. Pero non se decataban que detrás das accións está alguén. Non hai peras se non hai pereira; non chove se non hai nubeiro. Eles están informando precisamente de quen fai esas accións. Polo tanto: para xugular a pera hai que xugular a pereira. Non quero nin pensar que pasaría se, cando en agosto fixeron o [rexistro na reitoral](#), atoparan alí a ‘María’ (compañeira de Moncho Reboiras)!. Se con pecados veniais piden a xugular, con mortais pedirían tamén a aorta e ... a forca.

Con todo vese que moi informados non estaban pois nada din das reunións en Casa Marina das que falei. Aquí tiñan un “bo” motivo para denunciarnos: “reunións secretas e ilícitas”. Parece que tampouco sabían nada dos comunistas que eu acubillaba na habitación que hai derriba da sancristía, parede en medio coa sala de plenos. Por suposto que, se calaron todo isto, non foi para beneficiarme. Nada teño que agradecerlles.

TEXTO DO TENENTE DA GARDA CIVIL

. “No contra el Régimen, sino contra el Alcalde D. Con el que mantiene muy malas relaciones” “conferencias ... lejos de tener un fondo nefasto” ... en Sta. Marina cooperó eficazmente con los vecinos ... sin percibir honorario alguno” ... (lo de Vivero) “este sacerdote no es dado a la admisión de

regalos, no cobra ... y si lo hace es con una cantidad insignificante” ... “no necesita hacer prosélitos porque este sacerdote tiene la práctica totalidad y excelente reputación”.
(copia)

Oh mirácula! [Lede o texto amodiño](#). Non é para crer que, naqueles momentos, a miña defensa ante o Gobernador estivera na Garda Civil. Pois ver para crer. Case vai contradicindo punto por punto o Informe do Concello. Pensamos que o Tenente Coronel debeu fundamentarse en algún informe do Cabo (Sarxento) de Sansa; ou polo menos nalgunha conversa telefónica. É de agradecer que os Gardas me tiveran por santo. Creo que daquela estaba de Cabo **José Goti**. Non parece haber moita coordinación (grazas a Deus) entre a Policía (que debe ser a que avisa do espallamento de papeis en Santa Mariña, que motiva despois a carta do Gobernador ao Concello) e a Garda Civil que se “despacha” con ese Informe tan favorable a min. Se non fora por eles, ao mellor agora na vellez estaba na forza e sen xugular.

Cáceres, maio do 2018